



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 20 DE AGOSTO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte de agosto do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe/proposta emitido pola **Policía Local**, de data 14/08/2020, no que relativo á sinalización en saída Coroso con Avda. da Coruña (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, según o citado informe policial, **acorda**:

- Autorizar un pintado dun cebreado a man esquerda na intersección Coroso-Avenida da Coruña para reforzar a prohibición de estacionar vehiculos nas inmediacións da citada intersección.





- Instalar sinalización de sentido obrigatorio hacia a dereita, pola proximidade da rotonda (menos de 50 m.) e poder axilizar e desconxestionar o tramo e realizar as manobras de incorporación á dita vía con maior seguridade

2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José Eugenio Pérez García**, de data 19/08/2020 (Rexistro de entrada nº 10.163), relativo á mala recepción do sinal nalgúns canles de televisión.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONS

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría**, de data 19/08/2020 en relación á ORDE do 21 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020 (DOG do 31/07/2020, núm. 153).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Primeiro: Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dotación de novidades editoriais en lingua galega e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino á Biblioteca Pública Municipal de Riveira.

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

CONCESIÓN DE ACHEGAS AOS BENEFICIARIOS DOS BONOS CORRESPONDENTES ÁS SOLICITUDES RECIBIDAS NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE RIBEIRA ATA DO 03/08/2020 AO 10/08/2020. Programa de axudas Bono Concilia CampaRibeira Verán 2020.

Conforme Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de cultura, María José Sampedro Fernández, de data 11/08/2020, na que se propón a concesión de bonos correspondentes ás solicitudes que foron recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira entre os días 03/08/2020 e 10/08/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





CONCESIÓN DE BONOS a os seguintes solicitantes:

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE	FILLOS/AS Data de nacemento	MESES Duración en horas	EMPRESA MATRICULA	BONO
Beatriz Díaz García A	F.C.D. 03/09/2014	Agosto 9.00-14.00h	GLOBIOCIO	130,00€ 65,00 €
Lucía Iglesias Ferreira B	R.G.I. 03/08/2014	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	260,00€ 100,00 €
Adama Diame A	S.N. 08/10/2010	Agosto 9.00-14.00h	Fit Natural Sport	150,00€ 75,00 €
Adama Diame A	A.N. 08/10/2010	Agosto 9.00-14.00h	Fit Natural Sport	150,00€ 75,00 €
Gema Pérez Folgar A	E.B.P. 19/07/2013	Agosto 9.00-14.00h	Fit Natural Sport	150,00€ 75,00 €
Natalia González Agrelo A	N.B.G. 27/02/2009	Agosto 9.00-14.00h	OCIOBROS	140,00€ 70,00 €
Natalia González Agrelo A	G.B.G. 12/07/2010	Agosto 9.00-14.00h	OCIOBROS	140,00€ 70,00 €
Raquel Rubio Somoza B	R.A.R. 18/09/2014	Agosto 9.00-14.00h	Fit Natural Sport	150,00€ 50,00 €
Total resolución a data 10/08/2020				580,00 €

Notificar este acordo aos interesados e poñer no seu coñecemento que:

A subvención concedida condiciónase ao cumprimento dos requisitos establecidos na Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Artigo 16. Pagamento

- Non se abonará cantidade algunha aos beneficiarios solicitantes, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo da actividade contratada a pagar polo solicitante. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de factura por parte do empresario adherido a este programa de bonos.
- (...)
- Nas facturas presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa beneficiaria da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou así como os datos fiscais do expedidor, cos importes individuais de cada beneficiario e o importe total a abonar, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2020. **O límite máximo para a presentación das facturas será o 30 de novembro do presente 2020.**





As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

ACHEGAS PARA PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAIAS. EXERCICIO 2019.

Visto o **informe** presentado pola **Comisión Avaliadora de Subvencións - Liña Actividades Culturais 2019**, de data 17/08/2020, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais. Exercicio 2019.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/08/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pagamento de achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais. Exercicio 2019, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

ENTIDADE	ACHEGA
ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E VECIÑAL FRANCISCO LORENZO MARIÑO	1.885,87 €
SOCIEDAD INSTRUCCIÓN HIJOS DE PALMEIRA	1.400,00 €
CENTRO RECREATIVO DE ARTES	1.299,85 €
REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA	1.025,81 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA	1.500,00 €
AAVV CULTURAL E PRESTADORA DE SERVIZOS Á MOCIDADE DE CARREIRA	1.000,00 €
ASOCIACIÓN SÁNTÍSIMO SACRAMENTO DA PARROQUIA DE PALMEIRA	1.689,92 €
COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA BARBANZA	799,97 €
GRUPO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL TAHUME	726,00 €
ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE	625,00 €

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

